

REGULAMENTO

PREMIO LITERARIO NORTEAR 2026

Artigo 1.º – Obxecto

1. O Premio Literario Nortear é unha iniciativa conxunta da CCDR NORTE (Portugal), da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia (España) e da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal, AECT.
2. O Premio ten como obxectivos:
 - a) Incentivar novos escritores e escritoras;
 - b) Promover obras inéditas de ficción;
 - c) Estimular a creación literaria entre a mocidade de Galicia e do Norte de Portugal;
 - d) Distinguir anualmente unha obra orixinal;
 - e) Apoiar a circulación e divulgación literaria transfronteiriza.

Artigo 2.º – Candidatos/as

Poderán concorrer persoas físicas con idades comprendidas entre os 16 e os 36 anos, residentes no Norte de Portugal ou en Galicia, con plena capacidade xurídica.

Artigo 3.º – Modalidade

1. O Premio outórgase a obras do xénero narrativo, subxénero conto.
2. As obras deberán ser orixinais e inéditas, escritas en portugués (segundo o novo acordo ortográfico) ou en galego (norma oficial da Real Academia Galega).

Artigo 4.º – Premio

1. O valor do Premio é de 3.000 € (1.500 € achegados pola Dirección Xeral de Cultura e 1.500 € pola CCDR NORTE), suxeitos á lexislación fiscal vixente.
2. As entidades organizadoras asumirán os custos de edición da obra gañadora, en edición bilingüe (portugués e galego).
3. Promoveranse accións de divulgación da obra premiada en equipamentos culturais de Galicia e do Norte de Portugal.

Artigo 5.º – Candidaturas

1. As candidaturas deberán presentarse en liña na plataforma nortear.gnpaect.eu, ata as 23:59 horas (hora española) do 30 de xuño de 2026.
2. As candidaturas deberán incluír obrigatoriamente:
 - a) Anexo 1 – Obra;
 - b) Anexo 2 – Documento de identificación;
 - c) Anexo 3 – Declaración de orixinalidade;
 - d) Anexo 4 – Autorización para publicación;
 - e) Anexo 5 – Xustificante de residencia.
3. Cada participante poderá presentar ata dúas obras.

Artigo 6.º – Requisitos dos anexos

1. Obra:
 - a) Formato A4, paxinado, interliñado 1,5, fonte Times New Roman 12;
 - b) Entre 5.000 e 8.000 palabras;
 - c) Capa co título e o pseudónimo do autor ou autora.
2. Documento de identificación: formato PDF ou JPEG.
3. Declaración de orixinalidade: asinada pola persoa participante, mencionando que a obra presentada ao certame é orixinal e inédita, que é titular de todos os dereitos de explotación da mesma e que estes non están cedidos baixo ningunha condición, asegurando ademais que, na data de presentación, non existe ningunha acción ou reclamación de terceiros que poña en dúbida a súa autoría. A non inclusión desta declaración implicará a exclusión automática da candidatura.
4. Autorización para publicación: asinada pola persoa participante, permitindo a edición da obra.
5. Xustificante de residencia:
 - Norte de Portugal – emitido pola Autoridade Tributária e Aduaneira;
 - Galicia – Certificado de Empadramento emitido polo concello.
6. As obras que non cumbran estes requisitos serán excluídas.

Artigo 7.º – Xurado

1. O xurado estará composto por cinco membros, designados entre representantes das entidades organizadoras e personalidades do ámbito literario galego e portugués.
2. As decisións do xurado serán finais e irrevogables.

Artigo 8.º – Deliberación

1. O xurado deliberará de maneira independente, por maioría de votos.
2. O Premio outorgarase á obra de maior mérito literario, debidamente xustificado.
3. Só se distinguirá unha obra.
4. O xurado poderá decidir non outorgar o premio.

Artigo 9.º – Dereitos de explotación

1. O autor gañador cede en exclusiva ás entidades organizadoras todos os dereitos de explotación da primeira edición da obra en calquera formato e para España e para Portugal, durante o prazo máximo de 5 anos, con posibilidade de cesión a terceiros para a súa adaptación a outras disciplinas artísticas. Sempre mantendo e comunicando a autoría.

2. Estes dereitos inclúen todas as modalidades de edición en papel, os dereitos dixitais e de comunicación pública, os dereitos de transformación e adaptación da obra a outras modalidades, tales como teatro, danza, instalacións ou música, así como os dereitos de tradución.
3. O importe do premio comprende os dereitos de explotación e publicación da primeira edición en galego e portugués, que pertencen ás entidades organizadoras. A obra será publicada pola(s) editorial(es) designada(s) polos organizadores e distribuída polas entidades organizadoras.
4. As entidades organizadoras poderán divulgar ou publicar a obra gañadora, así como outras obras concorrentes, en diferentes soportes e plataformas, facendo sempre referencia ao Premio Nortear e a autoría.

Artigo 10.º – Entrega do premio

1. A cerimonia de entrega realizarase, sempre que sexa posible, alternativamente en Galicia e no Norte de Portugal.
2. A presenza da persoa premiada é obrigatoria, salvo causa debidamente xustificada.

Artigo 11.º – Protección de datos

1. Os datos das persoas participantes serán tratados polas entidades organizadoras en conformidade coa lexislación portuguesa e española de protección de datos, exclusivamente para efectos de xestión do Premio.
2. As persoas concorrentes ao premio poderán solicitar o acceso, rectificación ou eliminación dos seus datos mediante solicitude escrita ás entidades organizadoras.

Artigo 12.º – Divulgación

As persoas participantes autorizan a divulgación pública do seu nome e apelidos, no caso de seren gañadoras, en calquera medio de comunicación, sen dereito a compensación económica.

Artigo 13.º – Disposicións finais

1. A participación no Premio implica a aceptación íntegra deste regulamento.
2. As situacións omisas ou de interpretación serán resoltas polas entidades organizadoras, tras consulta ao xurado, sendo as decisións irrevogables.